XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP. "Juan Fernández Latorre"
Avda. Casanova de Eirís, 26 Teléf.981133029 Fax 981133029
ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es 15009 A Coruña

CIRCULAR DO FINAL DO CURSO

Estimadas familias:

O martes 22 de xuño finaliza o curso 2020-2021. Por este motivo queremos informarvos de diferentes asuntos do voso interese:

- ⇨ A entrega de boletíns de calificacións ao alumnado será o 22 de xuño con carácter xeral.
- ⇨ O acto de despedida ao alumnado de 6º de Primaria será o martes 22 ás 17h no patio exterior.
- ⇨ O luns 21 de xuño pola tarde, e no patio cuberto, faremos a tradicional entrega de orlas ao alumnado de 5 anos que termina a etapa de Educación Infantil.
- ⇨ O mércores 23 entre as 11,30h e as 14h o profesorado atenderá ás familias que así o soliciten.
- ⇨ As familias de 6ºEP deberán recoller a documentación oficial- Historial Académico- na Secretaría entre o 25 e o 30 de xuño.
- ⇨ O prazo de reclamación das calificacións rematará o luns 28 de xuño.
- ⇨ **Libros de texto**. No reverso desta folla tedes a listaxe de libros de texto para o curso seguinte. Lembrade que o 22 de xuño remata o prazo para solicitar as axudas da Xunta para comprar os libros de texto de 1º e 2º, e/ou solicitar Fondolibros para 3º-4º, e/ou cheque para material escolar para Primaria.
- ⇨ **Entrega de libros de 3ºEP e 4ºEP**: O luns 21, todo o alumnado destes cursos, beneficiario de Fondolibros, entregará aos titores os libros recibidos ao inicio de curso.
- ⇨ **Entrega de "Vales"**: entre o martes 29 e ata o venres 2 de xullo, podedes recoller na Secretaría, en horario de 9,15 a 13,30h, os vales solicitados para os libros de 1º e 2º e os de compra de material escolar.
- ⇨ **Listaxes de Fondolibros:** o luns 28 publicaremos no taboleiro a listaxe provisional de beneficiarios dos libros de 3ºEP e 4ºEP para o vindeiro curso, e o 6 de xullo a definitiva. Os libros de 3ºEP entregarémolos na Secretaría o 7 de setembro. En **4ºEP temos libros para todos** do Banco de libros Cole-ANPA, así que os entregarán as titoras o primeiro día na propia clase.
- ⇨ Durante os meses de xullo e agosto podedes obter información na web do colexio www.edu.xunta.gal/centros/ceipfernandezlatorre ou solicitala utilizando o correo electrónico ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.gal
- ⇨ As clases do vindeiro curso 2021–2022 comezarán o xoves 9 de setembro as 9 h. Ata recibir instruccións da Consellería non saberemos con seguridade o número de grupos (desdobres, reagrupamentos, novas normas COVID, etc).

Aproveitamos para despedir afectuosamente o alumnado e as familias, que por diferentes motivos deixan o Colexio, especialmente aos de sexto de primaria, desexándolles a todos moita sorte na nova etapa que iniciarán en setembro.
Por último, queremos **felicitar a todo o alumnado polo seu comportamento e actitude exemplar durante este curso tan especial.**
Feliz verán a todos e agardamos seguir contando coa vosa confianza, dispoñibilidade e participación no vindeiro curso.

A Coruña, 17 de xuño de 2021 O Equipo Directivo